



Fundación **GALICIA EUROPA**
Memoria 2010

Galego



fundación
GALICIA EUROPA


Fundación **GALICIA EUROPA**
Memoria 2010



Galego



fundación
GALICIA EUROPA





Galicia e Europa xuntas da man

O ano 2010 arrancou cun importante fito para Galicia: a celebración do Ano Santo Compostelán que supuxo unha plataforma excepcional para amosar a Galicia actual, moderna e emprendedora fóra das nosas fronteiras.


Con este obxectivo, o de traballar a prol dunha Galicia cada vez máis moderna e dinámica, lideramos a iniciativa de elaborar o ditame de reforma do regulamento das agrupacións europeas de cooperación territorial no Comité das Rexións da Unión Europea. Trátase dun feito de grande importancia para a nosa Comunidade, xa que tiveron que pasar sete anos para volver estar na axenda comunitaria cun texto que busca ese achegamento necesario entre as rexións europeas a través dunha cooperación territorial máis activa, centrada na optimización dos recursos e na eficiencia da xestión. A reforma que propoñemos pretende mellorar o benestar das galegas e galegos, así como dos nosos veciños portugueses e de todas as rexións europeas que comparten fronteiras. A Unión Europea busca que esas fronteiras sexan cada vez máis invisibles para o cidadán e con esa idea está a traballar Galicia día a día.

Deste xeito, Galicia volveu desempeñar un papel protagonista na política europea e co apoio da Fundación Galicia Europa seguirá tendo un rol activo e un espírito construtivo para lograr unha “ateraxe suave” que compense a perda de fondos para o próximo exercicio orzamentario a partir de 2013 e poder facer fronte ao novo escenario financeiro.

A celebración do Ano Santo Xacobeo supuxo un importante punto de partida para a promoción de Galicia en Bruxelas. Os diversos actos que se celebraron na capital europea serviron para reivindicar o Camiño de Santiago como punto de encontro dos cidadáns europeos desde a Idade Media. O Xacobeo 2010 significou para a nosa Comunidade un novo éxito de organización e de turismo que consolidou a Compostela como crisol de culturas e de ideas. De novo, o Camiño de Santiago volveu ser o garante dos firmes alicerces que forxaron a Unión Europea, onde se concibiu a idea moderna de Europa.

Así pois, esta nova UE, xurdida a raíz da aplicación do Tratado de Lisboa a comezos deste ano, implica unha “Europa das rexións” que ten na cooperación e no entendemento a fórmula do crecemento económico e do benestar dos seus cidadáns; o mesmo espírito co que hai máis de 60 anos naceu a Comunidade Europea.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia
Presidente da Fundación Galicia Europa





Consolidándonos en Europa


A nosa Comunidade, a través da Fundación Galicia Europa, está a realizar un continuo seguimento das políticas europeas e dos avances nas súas reformas. A este respecto, Galicia estivo especialmente atenta á publicación en 2010 do “Quinto informe sobre a cohesión económica, social e territorial” na UE, no que se valora o presente e futuro da política de cohesión. Este é un punto crucial para a nosa Comunidade, que ante a redución de fondos comunitarios a partir de 2014 fixo fronte común con outras rexións europeas que deixarán de ser obxectivos “Converxencia” para defender unha diminución gradual das axudas europeas. Deste xeito, Galicia participou activamente na creación do grupo CROWC (Rexións Converxencia Camiño á Cohesión) integrado por 18 territorios que traballan por conseguir esa aterraxe suave ante o descenso dos fondos comunitarios.

Tal como sucede coa política de cohesión, as políticas pesqueira e agrícola están a piques de rematar os seus períodos orzamentarios. Co ano 2013 na mente, Galicia levou a cabo diferentes iniciativas para explicar en diferentes foros comunitarios a súa posición cara á reforma destas políticas. Así mesmo, a través da Fundación Galicia Europa, Galicia fixo chegar ás instancias comunitarias o seu punto de vista sobre o futuro deseño destas políticas.

Ademais de todo o traballo realizado nestes ámbitos, cómpre destacar a representación autonómica galega no Consello de Ministros de Medio Ambiente durante o segundo semestre do ano. Os representantes galegos presentaron a postura común das comunidades autónomas españolas contra o cambio climático e pola defensa da biodiversidade. Esta participación supuxo unha ocasión inmejorable para amosar o importante papel que xogan rexións coma Galicia no desenvolvemento das políticas europeas dentro dos países membros da UE.

No ano 2010, Galicia incrementou a súa presenza dentro das institucións europeas acadando un protagonismo que dá boa conta do seu compromiso cunha Europa forte e unida. Os galegos debemos abandonar xa esa vella idea da “periferia de Europa”, motivada pola nosa situación xeográfica, e decatarnos da realidade dos novos tempos e do peso que Galicia está a ter na complexa arquitectura europea.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia
Secretario Xeral da Fundación Galicia Europa





Europeos dentro e fóra das nosas fronteiras

Un ano máis Galicia e Europa volveron unir os seus camiños para facer da distancia entre os seus respectivos pobos unha liña cada vez máis curta. Esta relación, máis estable ca nunca, vese reforzada polo traballo desenvolvido pola Fundación Galicia Europa, a ponte que fai que esa unión sexa día a día unha realidade máis forte.

Galicia protagonizou un intenso ano 2010 na actualidade comunitaria grazas, en parte, ao seu labor no Comité das Rexións europeo, onde asumiu o liderado da cooperación transfronteiriza europea. Galicia, xunto co Norte de Portugal, constitúe a máis dinámica eurorrexión das existentes no territorio comunitario e ese dinamismo fíxose patente nos traballos realizados a prol da súa promoción en Bruxelas. Galicia deixou a súa pegada na capital europea coa celebración de seminarios de alto nivel sobre o futuro da política de cohesión na UE e da política pesqueira da UE, nos que participaron representantes das institucións europeas implicados directamente na reforma destas políticas fundamentais para Galicia.


Así mesmo, a Fundación Galicia Europa continuou un ano máis co seu compromiso na promoción da UE en Galicia coa organización, entre outras iniciativas, da Semana de Europa con motivo da celebración do 9 de maio. Os diferentes actos consistiron na montaxe dun crebacabezas xigante do mapa europeo, a lectura por parte de estudantes universitarios da Carta de Dereitos Fundamentais da UE, e unha conferencia do eurodeputado galego Francisco Millán Mon, quen presentou a edición comentada e en galego do Tratado de Lisboa.

En 2010 a FGE intensificou o seu labor noutro dos seus principios fundacionais: a formación. Conscientes da especial relevancia da cualificación laboral nos tempos que corren, a Fundación publicou unha nova versión actualizada e máis completa da súa “Guía de prácticas e saídas laborais na UE e organizacións internacionais”, de grande utilidade para os nosos estudantes.

Por outra banda, neste ano veu a luz o primeiro número da revista “europe@s”, publicación que tenta achegar aos cidadáns as actuacións comunitarias con especial incidencia na nosa terra, así como as iniciativas galegas no ámbito da UE.

Así pois, en 2010 Galicia volveu demostrar un europeísmo sen fisuras, consolidou a súa posición dentro da UE e avogou por unha maior concienciación dos seus cidadáns, reiterando o noso compromiso de presente e futuro con Europa.

Jesús Gamallo Aller
Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia
Director-apoderado da Fundación Galicia Europa



ÍNDICE

01	11	A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA
	11	1.1. A Fundación Galicia Europa e os seus obxectivos
	12	1.2. Composición da Fundación Galicia Europa: entidades membros e Padroado
	15	1.3. Organigrama da Fundación Galicia Europa
	17	1.4. Convenios coa Xunta de Galicia
	17	1.5. Colaboracións con entidades públicas galegas
02	19	PROMOCIÓN DOS INTERESES GALEGOS EN EUROPA
	19	2.1. Participación de Galicia no Consello da Unión Europea
	20	2.2. Participación de Galicia no Comité das Rexións
	21	2.3. Participación de Galicia nos comités da Comisión Europea
	22	2.4. Colaboración entre as oficinas rexionais españolas en Bruxelas
	24	2.5. Accións no ámbito das políticas comunitarias con impacto en Galicia: promoción dos intereses galegos na UE
	26	2.6. Accións en defensa da cooperación territorial entre Galicia e o Norte de Portugal
	27	2.7. Organización de encontros de representantes galegos en Bruxelas con responsables das políticas comunitarias con impacto en Galicia
	29	2.8. Actividades de promoción de Galicia en Bruxelas
	32	2.9. Organización de seminarios e conferencias en Bruxelas
03	37	FOMENTO DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS
	37	3.1. Asesoramento da FGE a entidades galegas
	38	3.2. Participación da FGE en proxectos europeos
	39	3.3. Oficina Europea de Información Xuvenil
04	41	INFORMACIÓN E PUBLICACIÓNS
	41	4.1. Portal web
	42	4.2. Boletín electrónico
	42	4.3. Publicacións
05	45	FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN
	45	5.1. Bolsas
	47	5.2. Eventos da UE en Galicia
	47	5.3. Cursos, seminarios e xornadas en Galicia
	49	5.4. Liña de axudas a entidades para a realización de actividades relacionadas coa integración europea
	50	5.5. Celebración da Semana de Europa
06	57	EUROPA EN GALICIA. QUEN É QUEN?

01

A Fundación Galicia Europa

1.1. A Fundación Galicia Europa e os seus obxectivos

A Fundación Galicia Europa (FGE) foi creada en 1988 como unha entidade sen ánimo de lucro que desenvolve accións que favorezan o achegamento entre Galicia e Europa. Está vinculada funcionalmente á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa EU da Xunta de Galicia. Conta na actualidade con dúas oficinas, unha en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas, pertencendo esta última ás arredor de 300 representacións rexionais sitas na capital comunitaria.

No ano 2010, a FGE seguiu a exercer o seu papel de representante dos intereses galegos en Bruxelas por medio da participación nas institucións e organismos nos que está presente Galicia. Durante a primeira metade do ano, Galicia colaborou estreitamente co Goberno español xa que foi o encargado de asumir a presidencia rotatoria da UE. Por outra banda, o traballo da FGE resultou fundamental para asegurar a presenza dos intereses da nosa comunidade no proceso comunitario de toma de decisións, grazas ao seu traballo no Comité das Rexións e como integrante da delegación española do Consello da UE e nos comités da Comisión Europea. Na segunda metade do ano, Galicia foi a encargada de representar ao resto de comunidades autónomas no Consello de Ministros de Medio Ambiente da UE, labor no que a Fundación Galicia Europa prestou todo o apoio necesario á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

En Galicia, as actividades da FGE centráronse nas tarefas de formación e información a diversos colectivos, especialmente ao universitario e ás pemes, ademais de organizar actos divulgativos abertos a todos os públicos.

O labor da FGE nos seus 22 anos de historia tense materializado en catro grandes ámbitos de acción, que teñen en común dous mesmos obxectivos: unha mellor comunicación da actividade europea en Galicia e facer de Galicia unha rexión forte no contexto europeo.



Sesión plenaria do Comité das Rexións.

- **Defensa dos intereses de Galicia ante a UE.** A FGE leva a cabo unha serie de actividades encamiñadas á promoción dos intereses rexionais ante as institucións europeas. Isto tradúcese en diversas accións como o seguimento das políticas, normativas e recomendacións adoptadas a nivel comunitario, e a elaboración de informes de análise sobre as mesmas dirixidos especialmente á administración autonómica galega. Así mesmo, presta apoio e asesoramento técnico e loxístico aos participantes galegos en foros tales como o Comité das Rexións e outras reunións a nivel comunitario, incluídas as que organiza a propia FGE, e que serven para achegar os intereses de Galicia ao ámbito europeo. Para rematar, a FGE organiza todos os anos diversas actividades para dar a coñecer a cultura e identidade galegas en Bruxelas.

- **Informar sobre a Unión Europea en Galicia.** A FGE conta con varias ferramentas informativas para achegar á sociedade galega a actualidade da UE, e para ofrecer a entidades galegas a posibilidade de participar en programas de financiamento comunitario. A través do seu portal web, www.fundaciongaliciaeuropa.eu, pódese consultar a actualidade da FGE e daqueles temas comunitarios que afectan a Galicia. A FGE conta, ademais, con varias publicacións especializadas en temas europeos, así como un boletín electrónico quincenal que se envía a máis de 1.400 subscritores coas últimas novas, convocatorias de programas de financiamento comunitario e procuras de socios para participar en proxectos europeos publicados no portal.

- **Formar e sensibilizar sobre Europa en Galicia.** O compromiso coa formación en temas comunitarios que a FGE mantén a través do seu programa de bolsas, permitiu a máis de 400 persoas coñecer máis de cerca a realidade da UE. Así mesmo, a través dos semi-

narios, cursos e diversas xornadas que organiza a FGE en Galicia fomentouse a formación e sensibilización da sociedade galega en temas relacionados coa Unión Europea.

- **Promover a participación galega en proxectos europeos.** A Fundación Galicia Europa, a través das súas dúas oficinas en Santiago e en Bruxelas, promove a participación de entidades galegas en proxectos europeos, co fin de potenciar a competitividade do sector público e privado galego, así como preparar á sociedade galega de face á redución de fondos procedentes da UE a partir de 2013. Esa promoción tradúcese en asesoramento técnico, procura de socios a escala europea, organización de reunións con representantes das institucións comunitarias, participación da FGE no consorcio promotor dos proxectos que resulten de interese, e na organización de cursos de elaboración e xestión de proxectos en Galicia.

1.2. Composición da Fundación Galicia Europa: entidades membros e Padroado

PADROADO

O Padroado é o órgano de representación, goberno e administración da Fundación Galicia Europa. Está presidido polo Presidente da Xunta de Galicia e integrado por representantes das entidades membros que compoñen a FGE. Reúnese dúas veces ao ano con obxecto de aprobar a xestión económica e a memoria de actividades do exercicio anterior, así como para programar as actividades e o orzamento do seguinte exercicio. No ano 2010, o Padroado da Fundación Galicia Europa reuniuse o 15 de xuño e o 17 de decembro.



Reunión dos membros do Padroado o pasado mes de decembro en Santiago de Compostela.

PRESIDENTE:	Alberto Núñez Feijóo Presidente da Xunta de Galicia	VOGAIS:	Javier Guerra Fernández Conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia
VICEPRESIDENTE:	Vicente Arias Mosquera Vicepresidente do Banco Pastor		Samuel Juárez Casado Conselleiro do Medio Rural da Xunta de Galicia
	Alfonso Paz-Andrade Rodríguez Vicepresidente Segundo de Caixa Galicia		Rosa María Quintana Carballo Conselleira do Mar da Xunta de Galicia
SECRETARIO	Alfonso Rueda Valenzuela		José Luis Méndez López Director Xeral de Caixa Galicia
XERAL:	Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia		Julio Fernández Gayoso Presidente de Caixanova
TESOUREIRA:	Marta Fernández Currás Conselleira de Facenda da Xunta de Galicia		José Luis Pego Alonso Director Xeral de Caixanova
			Fernando Díaz Fernández Director Xeral do Banco Pastor
			Jesús Asorey Carril Representante do Consello Galego de Cámaras
			M^a Teresa Pisano Avello Delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo

ENTIDADES MEMBROS DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

a) Con representación no Padroado

Entidades membros fundadoras



Banco Pastor



Entidades membros adheridas

(integradas con posterioridade á constitución da Fundación Galicia Europa)



b) Sen representación no Padroado

Entidades membros asociadas



GRUPO DE TRABALLO

Composto por representantes das entidades membros que compoñen o Padroado, o Grupo de Traballo réunese periodicamente para avaliar a actuación da FGE e programar actividades futuras. En 2010, o Grupo de Traballo reuniuse o 3 de febreiro e o 14 de xullo.

Os integrantes deste Grupo de Traballo son:

Antonio Gómez Rivera

Subdirector Xeral de Caixanova

Dolores Montero Vilariño

Departamento Internacional de Caixanova

Alejandro Kowalski Bianchi

Director de Comunicación do Banco Pastor

Miguel Viu Pereira

Departamento de Relacións Xurídicas de Caixa Galicia

Fernando Barros Fornos

Secretario Xeral Adxunto da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela

Santiago López-Guerra Román

Secretario Xeral do Consorcio da Zona Franca de Vigo

Jesús Gamallo Aller

Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia
Director - apoderado da Fundación Galicia Europa

Santiago Álvarez González

Subdirector Xeral de Relacións coa UE. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

Ana Ramos Barbosa

Directora da Oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas

1.3. Organigrama da Fundación Galicia Europa

Jesús Gamallo Aller

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

Director-apoderado

Ana Ramos Barbosa

Directora da Oficina de Bruxelas

Pilar González Quintana

Xefa do Servizo de Xestión Económica e Coordinación Administrativa

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

Coordinación da Xestión Financeira

EQUIPO TÉCNICO DE INFORMACIÓN E ANÁLISE COMUNITARIA

Oficina de Santiago de Compostela

Luís Gago Sotorriño

Oficina de Bruxelas

María Jesús Garela Lodeiro

Vanessa Lobo Casas

Alba Mariño Enríquez

COMUNICACIÓN

Oficina de Santiago de Compostela

Andrea Adán Castro (ata o 15 de agosto)

Patricia Pedrido Davila (desde o 15 de outubro)

Oficina de Bruxelas

Carmen Perales Pérez (ata o 15 de agosto)

María Sabarís Sardón (desde o 24 de outubro)

ADMINISTRACIÓN E SECRETARIADO

Oficina de Santiago de Compostela

M^a Belén Rodríguez Martín

Responsable de Administración

M^a Pilar Louro García

Auxiliar Administrativo

Oficina de Bruxelas

Marlène Fernández González

Responsable de Administración

Renée Avial García

Secretaria de Dirección

LICENCIADOS EN PRÁCTICAS

Oficina de Santiago de Compostela

Enrique Álvarez Rajoy

Daniel Voces de Onáindi González

Sandra Sanmartín Díaz (ata o 15 de xullo)

Alba Montoiro González (a partir do 20 de xullo)

Patricia Pedrido Davila (ata o 14 de outubro)

Cristina Ozón Pereira (a partir do 25 de outubro)

Víctor Millán Penas (a partir do 25 de outubro)

Oficina de Bruxelas

Ana María Sánchez Cambón

Julio Gabriel Mercado Batista

Juan Elías Vergara Míguez

Agnieszka Lisik (ata o 17 de setembro)

Flavia Campos Lages (desde o 20 de setembro)

Andrea Arrojo Fernández (desde o 20 de outubro)

María Sabarís Sardón - Comunicación (ata o 23 de outubro)

Paula Leticia Martínez Regal - Comunicación (desde o 3 de novembro)

OFICINA DE INFORMACIÓN EUROPEA PARA MOZOS

Oficina de Santiago de Compostela

Pilar del Oro Sáez

Coordinadora

1.4. Convenios coa Xunta de Galicia

CONVENIOS CON CONSELLERÍAS

Co obxectivo de impulsar a presenza de Galicia ante a UE, a Fundación Galicia Europa foi establecendo (desde o segundo semestre do 2006) convenios con diferentes consellerías da Xunta de Galicia. O obxectivo desta colaboración é que os diferentes departamentos autonómicos poidan contar con persoal propio na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas para facer un seguimento das políticas máis relevantes para a nosa comunidade.

Durante 2010 mantivéronse convenios coa Consellería do Mar e coa Consellería de Cultura e Turismo.

CONVENIO COA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA

A Fundación Galicia Europa mantivo durante 2010 coa Consellería de Traballo e Benestar un convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades de información e documentación para mozos, a través da Oficina de Información Europea para Mozos que a propia Fundación Galicia Europa ten na súa oficina de Santiago.

A Oficina de Información Europea para Mozos atópase a disposición da mocidade galega para calquera consulta relacionada coas actuacións da Unión Europea en materia de xuventude como bolsas de estudos, prácticas nas institucións da UE e, especialmente, financiamento comunitario a través de programas europeos.

CONVENIO COA CÁMARA DE COMERCIO DE LUGO

A FGE ten firmados convenios cos membros do padroado para colaborar no impulso da presenza de Galicia ante a UE. No ano 2010, a FGE asinou un convenio coa Cámara de Comercio de Lugo que permitiu a un bolseiro desta entidade formarse sobre os asuntos comunitarios nas instalacións da FGE en Bruxelas.

1.5. Colaboracións con entidades públicas galegas

COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

A Fundación Galicia Europa colaborou no segundo semestre de 2010 coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia con motivo da participación de Galicia no Consello de Ministros de Medio Ambiente en representación de todas as rexións españolas. A FGE ofreceu as súas instalacións en Bruxelas a un técnico desta consellería, para que puidese realizar o seguimento *in situ* dos avances en materia medioambiental.

COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA

A Fundación Galicia Europa mantivo en 2010 un acordo de colaboración coa Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. Por medio desta colaboración, dita fundación puido dispor dun bolseiro en Bruxelas que fixo uso das instalacións da FGE durante todo o ano.

02

Promoción dos intereses galegos en Europa



O vicepresidente da Comisión Europea e comisario de Competencia, Joaquín Almunia, e o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo.

2.1. Participación de Galicia no Consello da Unión Europea

Desde o 9 de decembro de 2004 as Comunidades Autónomas participan de forma oficial no Consello da Unión Europea grazas a un acordo asinado entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas. Esta participación simboliza un importante paso adiante na participación autonómica nos asuntos europeos, xa que é no propio Consello e no Parlamento Europeo onde reside o poder lexislativo da Unión.

Mediante este acordo as CC.AA. poden participar en todos os niveis de traballo desta institución europea. Por unha banda,

incorporando a un representante autonómico con rango de conselleiro na delegación española dentro das reunións do Consello a nivel ministerial. Por outro, participando nas instancias preparatorias das reunións do Consello, como os grupos de traballo. As formacións nas que este acordo se fai efectivo son as de Agricultura e Pesca; Educación, Cultura, Xuventude e Audiovisual; Emprego, Política Social, Saúde e Consumidores; e Medio Ambiente.

Debido ao complexo e descentralizado sistema español, este modelo busca integrar as diferentes realidades españolas e fortalecer os mecanismos de participación do Estado de acordo co principio de unidade de representación exterior e

de lealdade institucional. A pesar de que leva pouco tempo en funcionamento, esta forma de participación pretende configurarse como un sistema áxil e flexible.

Como vén sucedendo desde a implantación deste acordo, a Fundación Galicia Europa prestou en 2010 o apoio necesario aos departamentos competentes da Xunta de Galicia co obxectivo de facilitar a participación e a comunicación entre todas as partes implicadas. De feito, como xa sinalamos (apartado 1.5), a FGE acolleu nas súas instalacións en Bruxelas a un técnico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas con motivo da representación autonómica galega no Consello de Ministros de Medio Ambiente.

Esta comunicación tradúcese tamén nun diálogo aberto con todas as oficinas autonómicas españolas, así como coa Representación Permanente de España ante a Unión Europea, o que facilita o seguimento e coñecemento dos traballos e conclusións das diferentes formacións do Consello.

2.2. Participación de Galicia no Comité das Rexións

O Comité das Rexións (CdR) é a asemblea consultiva comunitaria na que están representados os entes locais e rexionais da Unión Europea. Está composto por 344 membros, 21 dos cales son españois. En representación da Comunidade Autónoma de Galicia, o membro titular é o propio Presidente da Xunta de Galicia, mentres que o cargo de membro suplente recae no Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

A pesar de ser un órgano consultivo, as institucións comunitarias encargadas de legislar deben consultar obrigatoriamente ao Comité en materias como a cohesión económica e social, o transporte, o emprego, a educación ou a cultura, aínda que tamén pode ser consultado sempre

que se estime oportuno. Do mesmo xeito, o CdR elabora ditames por propia iniciativa, o que lle permite tratar calquera asunto que figure na axenda europea.



Participación de Jesús Gamallo nun pleno do Comité das Rexións.

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, en permanente coordinación coa Xunta de Galicia, presta asistencia e apoio aos membros galegos do CdR na súa participación nos asuntos do Comité. Xunto co apoio loxístico, a oficina fai un seguimento constante dos traballos do CdR e colabora na elaboración de emendas a ditames e informes debatidos tanto nas reunións de comisións nas que participa Galicia como no pleno do Comité, cando se estima necesaria a inclusión e consideración dos intereses de Galicia.

O traballo do CdR desenvólvese en seis comisións: Política de Cohesión Territorial (COTER); Política Económica e Social (ECOS); Educación, Xuventude, Cultura e Investigación (EDUC); Medio Ambiente, Cambio Climático e Enerxía (ENVE); Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX); e Recursos Naturais (NAT).

No ano 2010, Galicia formou parte de dúas das seis comisións sectoriais:

- Política de Cohesión Territorial (COTER), con competencias nos ámbitos da cohesión económica, social e territorial, os fondos estruturais, a cooperación territorial, os transportes e as súas redes transeuropeas. No pasado ano esta comisión aprobou na súa reunión do mes de novembro o ditame presentado por Galicia “Novas perspectivas para a revisión do regulamento AECT”, cuxo relator foi Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia. O obxectivo principal deste ditame foi presentar propostas de cara á revisión da normativa europea sobre as agrupacións europeas de cooperación territorial.¹
- Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX), cuxas competencias refírense a xustiza e asuntos de interior, liberdades e dereitos fundamentais, redución das cargas burocráticas, e cidadanía. O membro suplente galego exerce como portavoz do grupo do Partido Popular Europeo nesta comisión.



Alberto Núñez Feijóo na comisión COTER do mes de novembro na que se aprobou o ditame sobre o futuro das AECT.

Ademais, Galicia formou parte en 2010 do Grupo Interrexional do CdR sobre a crise do automóbil (GICA), que busca dar solucións ao impacto que a crise económica está provocando nas rexións europeas onde este sector produtivo ten un peso importante, como no caso galego.

2.3. Participación de Galicia nos Comités da Comisión Europea

As comunidades autónomas españolas, como parte da Delegación española, participan desde o ano 1999 nos denominados “comités da Comisión Europea” ou “comités de comitología”. Esta participación desenvolveuse xa durante os quadrienios 1999-2002 e 2003-2006, polo que agora atopámonos nun terceiro período que corresponde aos anos 2007-2011. Estes comités son os que asisten á Comisión Europea nos traballos de regulamentación, control e execución da normativa europea.

¹ O ditame foi aprobado polo pleno do CdR o 27 de xaneiro de 2011.

Durante 2010, Galicia participou en 19 comités, algúns de importancia clave para a nosa comunidade pois tratan temas específicos no eido da agricultura ou a sanidade. A FGE presta un apoio continuo ás consellerías para a súa participación activa nestes comités, chegando mesmo a asistir a estas reunións cando por circunstancias excepcionais as consellerías non poden asegurar a súa presenza.

2.4. Colaboración entre as oficinas rexionais españolas en Bruxelas

Os directores das oficinas rexionais españolas en Bruxelas asinaron en 2002, baixo a coordinación da Fundación Galicia Europa, un Acordo de Colaboración co obxectivo de estreitar as súas relacións, mellorar os seus sistemas de información e potenciar os seus recursos humanos. Deste xeito, o grupo de Coordinación das Oficinas Rexionais Españolas (CORE) ten reforzado durante estes anos a interlocución destas oficinas coas institucións europeas e coa Representación Permanente de España ante a Unión Europea (REPER).

Os traballos desenvolvidos pola CORE durante 2010 estiveron coordinados pola delegación de Euskadi no primeiro semestre e pola oficina de Estremadura no segundo.

COORDINACIÓN ENTRE DIRECTORES

En 2010, os directores das oficinas continuaron cos seus encontros habituais co fin de debater temas de interese común e coordinar as súas actividades, tales como:

- Programar actividades anuais conxuntas no marco da CORE, así como poñer en funcionamento o acordo de colaboración entre as oficinas.

- Participar como membros da delegación española no Comité das Rexións.
- Coordinar as relacións coa REPER, especialmente a través da súa Consellería de Asuntos Autonómicos.
- Facer un seguimento dos acordos da Conferencia para Asuntos Relacionados coas Comunidades Europeas (CARCE), respecto da participación das Comunidades Autónomas no Consello de Ministros da Unión Europea e nas reunións dos comités da Comisión Europea ("comitología").
- Programar e coordinar as actividades conxuntas levadas a cabo durante a Presidencia española da UE no primeiro semestre de 2010.

Ademais das reunións internas, os directores das oficinas rexionais españolas celebran outras de carácter externo con altos cargos das institucións comunitarias. Estas reunións permiten aos responsables das oficinas contar con información de primeira man sobre as novidades en relación co desenvolvemento das políticas europeas. Precisamente esta estreita colaboración mantida entre as 17 delegacións das Comunidades Autónomas en Bruxelas permite estes encontros de alto nivel. Entre as reunións externas mantidas en 2010 na capital comunitaria, cómpre destacar as seguintes:

- Joaquín Almunia, comisario europeo de Asuntos Económicos e Monetarios (un encontro por semestre).
- Jaime Duch, portavoz e responsable de Comunicación do Parlamento Europeo.
- Almorzo de traballo co Embaixador Representante Permanente, o Embaixador Representante Permanente Adxunto e varios conselleiros sectoriais da REPER.

ACCIÓN CONXUNTAS DE FORMACIÓN

Dentro do marco da CORE organízanse varias sesións de formación e información dirixidas ao persoal das oficinas rexionais. A Fundación Galicia Europa acolheu unha destas xornadas no mes de novembro, onde se abordaron as funcións das oficinas, as súas relacións coas institucións da UE, as políticas comunitarias de maior interese para as Comunidades Autónomas e as oportunidades de emprego en Bruxelas. Esta xornada ía especialmente dirixida ao persoal en prácticas ou recentemente chegado ás oficinas de representación rexional.



Xornada de formación para o persoal das
oficinas rexionais na FGE.

Así mesmo, o pasado ano realizáronse dous seminarios de carácter interno sobre o futuro da Política de Cohesión a partir de 2013 e sobre a reforma da Política Agrícola Común. Estes encontros dirixíronse tanto aos directores das oficinas como aos técnicos encargados das distintas políticas comunitarias.

Por último, a oficina de Extremadura, en tanto que coordinadora de CORE durante o segundo semestre, organizou un encontro co Xefe da Unidade de Transparencia do Consello, o español Ramón Jiménez Fraile.

GRUPOS DE COORDINACIÓN TÉCNICOS

No marco dos obxectivos previstos mediante o Acordo de Colaboración, os Grupos de Coordinación Técnica (GCT) teñen como misión principal o seguimento e análise continuado das políticas públicas comunitarias, desde o inicio do seu proceso de concepción por parte da Comisión ata a súa adopción polo Consello e, de ser o caso, polo Parlamento Europeo. Con este propósito, establecen contactos coas persoas axeitadas para o seguimento destes procesos, ás que se invita a participar nas súas reunións.

Tendo en conta as áreas de interese das Comunidades Autónomas, durante o ano 2010 funcionaron 13 GCT para cada un dos cales está designada unha oficina coordinadora:

- Pesca: coordinado por Galicia.
- Política de Cohesión: coordinado por Euskadi.
- Agricultura: coordinado por Extremadura.
- Asuntos Sociais e Emprego: coordinado por Madrid.
- Comité das Rexións: coordinado por Castela e León.
- Competitividade e Enerxía: coordinado por Castela e León.
- Educación, Xuventude e Cultura: coordinado en función dos temas por Cantabria, A Rioxa e Euskadi.
- I+D e Sociedade da Información: coordinado por Madrid.
- Xustiza e Inmigración: coordinado por Cataluña.
- Medio Ambiente: coordinado por Cantabria.
- Relacións Exteriores e Cooperación ao Desenvolvemento: coordinado por Valencia.
- Seguridade Alimentaria, Sanidade e Consumo: coordinado por Andalucía.
- Transportes: coordinado por Aragón.

2.5. Accións no ámbito das políticas comunitarias con impacto en Galicia: promoción dos intereses galegos na UE

No ámbito das políticas comunitarias, a Fundación Galicia Europa realiza un labor de representación, promoción e defensa dos intereses galegos na capital europea ante as institucións e outros organismos da UE. A continuación recóllense exemplos de accións desenvolvidas ao longo de 2010 respecto a algunhas políticas comunitarias con impacto en Galicia.

POLÍTICA REXIONAL E DE COHESIÓN

A reforma da política de cohesión deu un paso importante en 2010 coa publicación do “Quinto informe sobre a cohesión económica, social e territorial” na UE. Neste documento, ademais de analizar o estado da cohesión en Europa, a Comisión anuncia a súa visión para a futura reforma desta política.

Polo que se refire ao contido, no informe especificábase que para suavizar a transición entre as rexións máis desenvolvidas e as menos, e para garantirlles un tratamento equitativo, parece oportuno crear unha nova categoría intermedia de rexións que podería substituír aos actuais sistemas de transición. Este grupo incluíría a aquelas rexións que na actualidade se atopan dentro do obxectivo “Converxencia” pero cuxo PIB sería, segundo as últimas estatísticas, superior ao 75% da media comunitaria, como é o caso galego.

De acordo con este texto, Galicia tería garantida esta axuda transitoria polo simple feito de abandonar ese colectivo. Esta decisión implica un paso importante cara á consecución da “aterraxe suave” pola que Galicia traballa intensamente desde hai máis de ano e medio. Con todo,

hai que esperar a que a Comisión Europea confirme a súa inclusión definitiva nas propostas de regulamentos relativas aos fondos estruturais a partir de 2013.

A Fundación Galicia Europa e Galicia seguiron e seguen a traballar na mesma dirección para consolidar os esforzos realizados en favor da concesión desta axuda transitoria. A nosa comunidade liderou en 2010 a rede CROWC (*Convergence Regions on the Way to Cohesion*), creada no 2009 polas rexións europeas que tamén deixan de ser obxectivo “Converxencia”, co fin de artellar a defensa conxunta dos seus intereses.

POLÍTICA PESQUEIRA COMÚN

A Fundación Galicia Europa prestou apoio para a defensa das demandas galegas en diferentes temas relacionados coa Política Pesqueira Común (PPC) e con importante impacto na nosa economía como, por exemplo, a reforma do método de detección comunitario de biotoxinas en moluscos.

Polo que se refire á consulta pública sobre unha estratexia para o Atlántico que lanzou en 2010 a Dirección Xeral de Asuntos Marítimos da Comisión Europea, a Fundación Galicia Europa, en nome da nosa comunidade, enviou a súa contribución expoñendo un posicionamento cunha dimensión claramente rexional.

Ademais, a FGE organizou en 2010 un seminario sobre o futuro da Política Pesqueira Común que tratou de dar respostas ás incógnitas que se presentan ante a futura reforma desta importante política europea para os intereses galegos. Neste seminario de alto nivel participou a conselleira do Mar da Xunta de Galicia, Rosa Quintana, así como representantes das institucións europeas e expertos na materia.



A conselleira do Mar da Xunta de Galicia, Rosa Quintana, presidiu a mesa do seminario.

POLÍTICA ORZAMENTARIA

A Comisión Europea adoptou no ano 2010 unha comunicación sobre a reforma do orzamento comunitario a partir de 2013. Con este documento a Comisión Europea abre un debate para que os Estados membros emitan as súas opinións no tocante á reforma do sistema actual de contribución ao orzamento da UE. Neste senso, a Comisión defende unha futura política de cohesión para todas as rexións, incidindo en que deberá estar estreitamente vinculada á nova estratexia política da UE: a Estratexia Europa 2020, baseada no crecemento económico, intelixente, sustentable e integrador. Ademais, esta comunicación fai referencia específica á axuda transitoria para as rexións que, como Galicia, abandonarán o obxectivo “Converxencia” a partir de 2013.

A Fundación Galicia Europa traballou en diferentes foros para defender a posición da nosa comunidade e intentar que fose contemplada no maior grao posible no documento. Neste contexto, Galicia traballou e intercambiou información con outras rexións europeas.

ESTRATEGIA EUROPA 2020

A nosa comunidade participou, a través da Fundación Galicia Europa, na consulta pública aberta pola Comisión para achegar ideas sobre a nova estratexia EU2020. A definición da folla de ruta europea para os próximos 10 anos ten por finalidade a total recuperación da crise económica así como facilitar a transición da anterior Estratexia de Lisboa. Na contribución galega, a FGE destacou a importancia das rexións como actores clave na execución dos obxectivos políticos da UE e o desafío que para elas supón o cambio demográfico, polo que solicitou a inclusión deste asunto nas prioridades comunitarias xunto co cambio climático, o abastecemento de enerxía e a globalización. Desde a FGE tamén se fixo un chamamento a incrementar os esforzos no fomento da innovación de face á transformación dos sectores tradicionais, sobre todo nas rexións altamente dependentes destes e que buscan ter unha economía máis competitiva.

POLÍTICA AGRÍCOLA COMÚN

Nunha comunicación presentada pola Comisión Europea sobre os orzamentos comunitarios a partir de 2013 recoñécese a importancia que esta política ten á hora de cumprir varios obxectivos europeos, como a cohesión territorial e social, a loita contra o cambio climático ou a seguridade alimentaria. Igualmente, recoñece o importante esforzo que o sector agrícola ten realizado durante os últimos anos para adaptar a súa produción ao mercado á vez que se incrementou a calidade e a seguridade dos produtos.



Explotación gandeira.

Nesta comunicación propónse unha reforma do sistema de pagos directos que o faga máis xusto e moderno. Por outra banda, salientase a necesidade de lograr unha agricultura máis orientada ao mercado e máis interconectada con outras políticas comunitarias co fin de incrementar a efectividade das accións europeas noutros eidos relacionados, como o medio ambiente ou a innovación.

Galicia participou en varios comités que asisten á Comisión Europea nos traballos de control e execución, tanto desde o punto de vista da xestión como da regulamentación. Do mesmo xeito, fixo un seguimento dos traballos no Consello de Ministros da UE, aberto á participación das Comunidades Autónomas e no que a FGE facilitou apoio á Xunta de Galicia sempre que se lle requiriu.

POLÍTICA INDUSTRIAL

No que se refire á política industrial, a Fundación Galicia Europa apoiou en Bruxelas os sectores produtivos galegos no contexto actual de crise económica. O seu traballo materializouse nas seguintes accións:

- Dentro do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización, a UE aprobou no ano 2010 un paquete de axudas de 2 millóns de euros para os traballadores despedidos

do téxtil galego. Este fondo foi creado pola Comisión Europea co obxectivo de ofrecer unha axuda adicional aos traballadores que perderon o seu emprego, así como de asistilos nos seus esforzos de reciclaxe profesional e na procura de colocación.

- Galicia seguiu participando en 2010 no Grupo Interrexional do Comité das Rexións sobre a crise no sector do automóbil, cuxa Vicepresidencia corresponde ao Presidente da Xunta de Galicia. A actividade deste grupo, formado por máis de 40 membros de 32 rexións europeas, organízase nun nivel técnico e nun nivel político. Polo que respecta ao nivel técnico, a Fundación Galicia Europa asegura a participación da nosa comunidade nas reunións preparatorias deste grupo en Bruxelas, nas que se presentan e debaten as iniciativas de traballo e se orientan os temas que tratarán os membros nos seus encontros.

2.6. Accións en defensa da cooperación territorial entre Galicia e o Norte de Portugal

A Fundación Galicia Europa, en colaboración coa Xunta de Galicia e diferentes organismos europeos e rexionais, seguiu traballando a prol da cooperación territorial entre Galicia e o Norte de Portugal impulsando e apoiando diferentes iniciativas. As máis salientables foron as seguintes:

- A participación en diferentes foros e seminarios. O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e director-apoderado da Fundación Galicia Europa, Jesús Gama-llo, participou no Comité das Rexións en diversos foros nos que explicou o funcionamento, ámbitos de traballo e razón de ser da AEET Galicia-Norte de Portugal. En concreto, a aprobación en 2010 do seu plan estratéxico que inclúe a creación dun censo cos principais actores da cooperación transfronteiriza e o asesoramento aos concellos e outras entidades nos seus proxectos de cooperación e na xestión de servizos.



Stand informativo sobre a AECT Galicia-Norte de Portugal
no Comité das Rexións.

- En 2010 comezou a tramitación no Comité das Rexións do ditame elaborado polo Presidente da Xunta de Galicia sobre a reforma das Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT). Desde os inicios do percorrido deste ditame, a Fundación Galicia Europa mantivo un contacto directo cos diferentes servizos do Comité das Rexións. A FGE prestou apoio ao experto da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE que realizou o seguimento técnico, así como na xestión e negociación de emendas de cara á reunión da comisión COTER de novembro, onde foi aprobado.
- No marco dos Open Days 2010 e durante o seminario organizado polo consorcio *Atlantic Alliance* (liderado por Galicia) sobre o reforzo da cooperación no espa-

zo atlántico, a nosa comunidade presentou a Macrorrexión de Rexións do Suroeste de Europa (RESOE), constituída oficialmente o 17 de setembro de 2010 por Galicia, Castela e León e a Rexión Norte de Portugal. Presentouse esta macrorrexión como un instrumento de traballo que servirá para intensificar a cooperación interrexional entre espazos que comparten intereses comúns, como a automoción ou o patrimonio ambiental, sinalándose que está aberta á participación doutros territorios do occidente europeo. A Comisión Europea interesouse por esta iniciativa e solicitou máis información sobre esta alianza.

- A raíz da resposta conxunta de Galicia e do Norte de Portugal á consulta lanzada pola Comisión Europea sobre a mobilidade xuvenil con fins formativos, esta demandou a participación de ambas rexións nun estudo a nivel europeo sobre un posible marco que facilite a formación en empresas. A FGE, como coordinadora da resposta conxunta elaborada en 2009, participou activamente nesta enquisa que servirá de base á Comisión Europea para a posta en marcha da iniciativa emblemática “Mocidade en movemento”.

2.7. Organización de encontros de representantes galegos en Bruxelas con responsables das políticas comunitarias con impacto en Galicia

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas desempeña un papel destacado á hora de organizar visitas á capital europea tanto de responsables políticos, como de técnicos do sector público e privado galego.

As tarefas que desenvolve a FGE son, de forma xenérica, as seguintes:

- Definición, de acordo cos interesados, dos interlocutores máis axeitados no seo das institucións europeas (principalmente a Comisión Europea e o Parlamento

Europeo), da Representación Permanente de España ante a Unión Europea (REPER) e doutros organismos ou asociacións establecidos en Bruxelas.

- Contacto cos interlocutores e elaboración das axendas de visitas.
- Asesoramento técnico relacionado coas políticas europeas nas que se centrará a visita.
- Acompañamento durante as entrevistas, prestando apoio técnico e loxístico.
- No caso de visitas de grupos, organización de charlas nas institucións europeas e na propia Fundación Galicia Europa sobre temas comunitarios.

A continuación destácanse as visitas de responsables políticos e técnicos a Bruxelas durante o ano 2010. A Fundación Galicia Europa resultou determinante na organización das axendas e no bo desenvolvemento dos encontros mantidos polos responsables galegos:

- O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo Aller, membro suplente do Comité das Rexións trasladouse a Bruxelas en varias ocasións para representar á nosa comunidade nas sesións plenarias do CdR, así como nas reunións das comisións COTER e CIVEX. Gamallo participou tamén en varias reunións do Grupo Interrexional sobre a Crise do Automóvil (GICA) e en varios seminarios e mesas redondas sobre as Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT).
- O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, durante a súa visita a Bruxelas (15 e 16 de novembro do 2010) reuniuse co vicepresidente da Comisión Europea e comisario de Competencia, Joaquín Almunia. Así mesmo, o presidente da Xunta inaugurou na oficina da FGE a mostra de Francisco Leiro sobre o Códice Calixtino e posteriormente participou no Centro Galego de Bruxelas nas celebracións do

seu 30º aniversario. O 16 de novembro Núñez Feijóo interveu na Comisión de Política de Cohesión Territorial (COTER) do Comité das Rexións en calidade de relator do ditame sobre a revisión do regulamento das Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT), aprobado nesa mesma sesión.



Alberto Núñez Feijóo na inauguración da mostra do Códice Calixtino de Francisco Leiro na FGE en Bruxelas.

- O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, reuniuse (7 de abril) co director de Cooperación Territorial da Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea, José Palma Andrés, para tratar asuntos relacionados coa Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT). Durante a súa visita tamén mantivo un encontro coa presidenta da Comisión de Desenvolvemento Rexional do Parlamento Europeo, Danuta Hübner. Por outra banda, o conselleiro de Presidencia reuniuse con varios eurodeputados españois e posteriormente participou como invitado principal do primeiro “Debate Galicia Europa” nas instalacións da FGE.
- O conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, acompañado polo secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, entrevistouse (14 de setembro) coa comisaria europea de Educación, Cultura, Plurilingüismo e Xuventude, Androulla Vassiliou, e coa pre-

sidenta da Comisión de Cultura e Educación no Parlamento Europeo, Doris Pack.

- A conselleira de Traballo, Beatriz Mato, desprazouse ata Bruxelas (27-29 de outubro) para manter diversas reunións institucionais con responsables da Unión Europea en materia de emprego e política social. Alí tivo un encontro co comisario de Emprego e Asuntos Sociais da Unión Europea, o húngaro László Andor, e participou nun novo “Debate Galicia Europa” na oficina da FGE. En Amberes, a conselleira interveu no seminario “*Active labour market policies for the Europe 2020 Strategy*” organizado pola Presidencia belga da UE. Tras o seminario Mato entrevistouse co ministro flamenco de Finanzas, Orzamento, Emprego, Cidades, Ordenación Territorial e Deporte, Phillippe Muyters.

- A conselleira do Mar, Rosa Quintana, viaxou a Bruxelas (24 de novembro) para participar nunha mesa redonda sobre a reforma da Política Pesqueira Común, organizada pola Consellería do Mar da Xunta e a Fundación Galicia Europa. Ao finalizar a mesa redonda tivo lugar a presentación do libro “A integración do enfoque ecosistémico na política pesqueira común da UE”, elaborado por expertos universitarios galegos.

- Tamén visitaron a capital comunitaria a titular de Sanidade, Pilar Farjas, o conselleiro de Cultura, Roberto Varela, e o responsable de Medio Ambiente, Agustín Hernández. En concreto, a conselleira de Sanidade participou no mes de xuño nunha mesa redonda sobre medidas de prevención das agresións aos profesionais do sector sanitario público no marco dunha xornada organizada polo CdR. Pola súa banda, o titular de Cultura asistiu aos actos organizados pola Comisión Europea para conmemorar o Día Europeo do Turismo, mentres que o conselleiro de Medio Ambiente participou nas

reunións do Consello de Ministros de Medio Ambiente no segundo semestre do ano.

2.8. Actividades de promoción de Galicia en Bruxelas

Durante o ano 2010, diversos actos foron impulsados ou acollidos na oficina belga da Fundación Galicia Europa para a difusión da cultura e identidade galegas na capital comunitaria.

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA FGE

- Programa cultural sobre a emigración galega (4-19 de febreiro). Grazas á colaboración entre diversas entidades galegas con presenza en Bruxelas (o Centro Galego de Bruxelas, a Fundación Galicia Europa e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia) e belgas (o servizo de Cultura do Concello de Saint Gilles), a *Maison des Cultures* de Bruxelas acolleu un intenso programa cultural sobre a emigración galega, que incluíu máis dunha ducia de proxeccións relacionadas coa emigración, un concerto a cargo do grupo ISGA Collective e unha exposición sobre a historia do movemento asociativo galego no exterior. A FGE colaborou na organización da conferencia “O cinema da emigración galega: Correspondencia documental entre Galicia e América Latina (1920-1960)”, impartida polo especialista en cine galego da emigración Manuel González.



Mostra sobre a emigración galega.

- Exposición fotográfica “Galicia Latente” (15-26 de febreiro). Con motivo da Presidencia española da UE e do Xacobeo 2010, o Comité das Rexións acolheu a mostra fotográfica “Galicia Latente”. Esta colección de 84 imaxes, obra do fotógrafo galego Eduardo Martínez, explora a identidade galega de hoxe, cos seus contrastes e peculiaridades.
- Conferencia-debate con Víctor Freixanes, director da editorial Galaxia. A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas acolheu o 7 de maio a conferencia “Presente e futuro do libro: o desafío das novas tecnoloxías” a cargo de Víctor Freixanes, director da editorial Galaxia, profesor da Universidade de Santiago de Compostela e membro da Real Academia Galega e do Consello da Cultura Galega. O acto estivo organizado polo club DOA en colaboración coa FGE.
- Presentación de “A Gran Enciclopedia do Camiño de Santiago” (11 de maio). A FGE acolheu a presentación na capital belga de “A Gran Enciclopedia do Camiño de Santiago”, un proxecto divulgativo de 18 volumes que pretende compilar todo o coñecemento arredor do

primeiro Itinerario Cultural Europeo. A presentación correu a cargo de Manuel Rodríguez Fernández, director do proxecto.

- Exposición “Cidade da Cultura de Galicia. Preview” (20 de maio-18 de xuño). A mostra, organizada en colaboración entre a FGE e a consellería de Cultura da Xunta de Galicia, permitiu penetrar na Cidade da Cultura e facer un percorrido por esta construción concibida para a sociedade da información e o coñecemento.
- Aniversario da Procesión do Apóstolo Santiago en Bruxelas (5 de xuño). En 2010 celebrouse o 20º aniversario da Procesión do Apóstolo Santiago en Bruxelas. Con este motivo, e coincidindo co Ano Santo, oito rexións españolas polas que pasa o Camiño organizaron na Casa de Asturias unha xornada divulgativa sobre as rutas xacobeas.
- Concerto de Xoán Curiel (10 de xuño). O cantautor galego Xoán Curiel deu un concerto na ExCantina no que repasou o seu último disco “Nai” e interpretou algunhas cancións inéditas e poemas de autores galegos como Rosalía de Castro.
- Conferencia “Presenza de Santiago e do Camiño en Flandres” (13 de xuño). A Fundación Galicia Europa acolheu a conferencia “Presenza de Santiago e do Camiño en Flandres”, a cargo de Freddy du Seuil, membro da xunta directiva da Asociación Flamenca de Santiago de Compostela (*Vlaams Genootschap van Santiago de Compostela*).
- Exposición “Celebrando o Códice Calixtino” (15 de novembro-10 de decembro). A FGE acolheu esta mostra, en colaboración coa Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, que integra as ilustracións que Francisco Leiro creou para a primeira tradución do Códice Calixtino ao galego.



Vista da exposición "Celebrando o Códice Calixtino" na sala da FGE en Bruxelas.



Expositor no Comité das Rexións no Open Doors Day.

- Curso de galego. Entre os meses de marzo e xuño a oficina de Bruxelas acolleu a terceira edición do curso intensivo de galego, convocado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. O curso estaba dirixido a todas aquelas persoas interesadas na aprendizaxe ou perfeccionamento do galego e na obtención do Certificado de Lingua Galega (CELGA).
- Promoción dos cursos internacionais da Universidade de Santiago de Compostela. Difusión dos cursos de español para estranxeiros convocados por esta universidade, especialmente do curso de "Lengua Española y Camino de Santiago" que tivo lugar no mes de xuño.

ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPOU A FGE

- Xornada de Portas Abertas do Comité das Rexións 2010 "Open Doors Day" (8 de maio). Nesta xornada Galicia coordinou dous stands de promoción do Xacobeo 2010: un no Consello da Unión Europea e outro no Comité das Rexións.

- Parours d'artistes de Bruxelles. A FGE colaborou con este festival de arte que tivo lugar no mes de maio no barrio de Saint Gilles en Bruxelas e no que participaron varios artistas galegos, como Neves Seara, que pertence ao Roteiro de Creación de Santiago de Compostela.
- Exhibición no concello belga de Boussu da mostra "Galicia Innovadora e Creativa" (21-23 de maio). A mostra, cedida pola Fundación Galicia Europa, encadrouse nunhas xornadas que levaban por nome "Europa e o mundo". Xunto a ela, organizouse unha charla dedicada ao Camiño de Santiago.
- Aniversario de Torrente Ballester. A FGE colaborou co club Doa no acto de conmemoración do centenario do nacemento do autor galego Gonzalo Torrente Ballester. A homenaxe tivo lugar o 19 de outubro no Instituto Cervantes de Bruxelas, no que se proxectou a peza audiovisual "GTBxGTB" e se presentou a edición facsimilar da obra "Compostela".
- "I Merenda Europea en Uccle" (25 de setembro). A través da Fundación Galicia Europa, a gastronomía galega estivo presente na "I Merenda Europea en Uccle", evento organizado pola Asociación de Comerciantes de Uccle Centro (Bélxica).



Stand promocional de Galicia en Uccle.

- Semana do Sabor de Flandres (11-21 novembro). Beatriz Sotelo, cociñeira do restaurante “A Estación” de Cambre, levou a gastronomía galega á Semana do Sabor de Flandres. A FGE xestionou a participación da chef galega, nomeada en 2008 “Cociñeiro do ano”, na quinta edición deste evento ao que España acudiu como país convidado debido á Presidencia do Consello da UE no primeiro semestre de 2010.
- Concerto de Berrogüetto no Centro Galego de Bruxelas (26 de novembro). Con motivo da celebración do Xacobeo 2010 a Fundación Galicia Europa colaborou na organización do concerto ofrecido polo grupo galego Berrogüetto na sede do Centro Galego de Bruxelas.

2.9. Organización de seminarios e conferencias en Bruxelas

A Fundación Galicia Europa organizou e acolleu durante 2010 diversos debates e seminarios para tratar temas de actualidade comunitaria de especial relevancia para Galicia, que responden ao seu obxectivo de defender os intereses galegos ante a UE. As instalacións da FGE en Bruxelas facilitaron a celebración de actos que reuniron a representantes da sociedade galega, das institucións comunitarias e doutras oficinas de representación rexional.

SEMINARIOS E CONFERENCIAS ORGANIZADOS POLA FGE

- Seminario “A cultura como motor de desenvolvemento económico rexional e local”, no Comité das Rexións. O 20 de maio a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Fundación Galicia Europa organizaron o seminario “A cultura como motor de desenvolvemento económico, rexional e local”, que amosou a importancia da cultura para impulsar o desenvolvemento rexional e a cidadanía europea. No seminario presentáronse varios casos de éxito como o “efecto Bilbao”, Manufaktura Lodz (Polonia), o Bozar de Bruxelas (Bélxica) e a Cidade da Cultura de Santiago.
- Participación na oitava edición da “Semana Europea das Rexións e as Cidades - OPEN DAYS 2010” (do 4 ao 7 de outubro). Galicia organizou dous seminarios liderando, a través da Fundación Galicia Europa, un consorcio de rexións atlánticas, composto por Irlanda, Gales, Cornualles, Baixa Normandía, Bretaña, Andalucía, Euskadi, e máis a AECT Galicia-Norte de Portugal:
 - a) “Unha Política de Cohesión para todos, xustificación para o futuro”. Tivo lugar o 6 de outubro nas instalacións da FGE. Este debate de alto nivel contou coa participación de representantes

das máis altas instancias comunitarias como Danuta Hübner, do Parlamento Europeo, Pascal Goergen, en representación da Presidencia belga e membros da Comisión Europea. Así mesmo, participou no seminario o profesor da London School of Economics, Lain Begg, autor do estudo “O futuro da Política de Cohesión nas rexións máis prósperas”, e os responsables políticos de distintas rexións europeas implicadas no debate dos fondos de cohesión.



Seminario “Unha Política de Cohesión para todos, xustificación para o futuro” na sala da FGE.

- b) “Unha estratexia integrada para o espazo atlántico: un marco axeitado para avanzar na cooperación marítima?”. A oficina de Euskadi en Bruxelas acolleu o segundo dos seminarios organizados polo consorcio “Alianza Atlántica” para debater, neste caso, a viabilidade dunha estratexia marítima integrada na área atlántica.
- Xornadas de formación sobre o papel das oficinas rexionais españolas en Bruxelas. A oficina belga da Fundación Galicia Europa acolleu o 10 de novembro unha xornada de formación para o persoal das ofici-

nas rexionais españolas, organizada pola representación de Estremadura. Os asuntos expostos durante os relatorios trataron a orixe, acordos e coordinación entre as oficinas rexionais na UE así como a relación destes departamentos co labor da Comisión Europea, Parlamento Europeo, Comité das Rexións e REPER.

- Seminario sobre o futuro da Política Pesqueira Común: “A reforma da Política Pesqueira Común: un debate europeo dende Galicia”. A Fundación Galicia Europa organizou este seminario no que a conselleira do Mar, Rosa Quintana, expuxo os puntos clave da proposta galega para a reforma da PPC na procura da sustentabilidade ambiental, económica e social. A conselleira incidiu na aposta por facer o emprego no mar atractivo para a mocidade e en conseguir un mercado único para os seus produtos. Esta mesa redonda, moderada por Enrique López Veiga, tamén contou coa participación da eurodeputada e membro da comisión de Pesca no Parlamento Europeo, María do Céu Patrão; do responsable da Dirección Xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da Comisión Europea, Ernesto Penas; do secretario xeral da Europêche, Guy Vernaève; e do secretario xeral de Anfaco, José Manuel Vieites. Tras o debate, a responsable de Mar participou na presentación do libro “A integración do enfoque ecosistémico na política pesqueira común da Unión Europea”. A publicación realizada por José Manuel Sobrino Heredia, Adela Rey Aneiros e Enrique López Veiga, e presentada en Galicia a principios de outubro, foi valorada pola conselleira coma un documento importante para abordar con máis confianza a busca da sustentabilidade desde unha tripla óptica ambiental, social e económica, na liña do demandado por Galicia para orientar a reforma da política común de pesca.
- Presentación do proxecto “O Camiño dos Satélites”. Con motivo da celebración do Día Internacional das Persoas con Discapacidade, a Fundación Galicia Eu-

ropa acolleu a presentación do proxecto “O Camiño dos Satélites: as tecnoloxías fannos iguais”, posto en marcha pola Fundación Tecnoloxía Social (FTS) en colaboración coa Asociación Galega de Empresas de Tecnoloxías de Información e Comunicación (AGESTIC). Esta iniciativa, presentada por Enrique Varela Couceiro, explica a incursión das novas tecnoloxías no Camiño de Santiago, facilitando a peregrinación ás persoas con algún tipo de discapacidade.



Presentación de “O Camiño dos Satélites”.

- Reunión de expertos europeos no ámbito da eco-innovación. A Fundación Galicia Europa en Bruxelas acolleu o día 12 de novembro unha reunión de expertos en eco-innovación. Neste encontro participaron representantes da Comisión Europea e do Observatorio Europeo da Eco-innovación, acompañados polos socios do proxecto Eco-innova, do que a FGE forma parte (ver punto 3.2)

SEMINARIOS E CONFERENCIAS NOS QUE COLABOROU A FGE

- Reunión da Comisión do Arco Atlántico. A FGE cedeu as súas instalacións para a celebración desta comisión da

Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) á que asistiron representantes de distintas rexións europeas, así como da Comisión e do Parlamento Europeo. Durante o encontro presentáronse as prioridades da Comisión Europea para a súa estratexia marítima integrada e tiveron lugar unha serie de relatorios e debates para a definición dunha folla de ruta común para a área atlántica. No marco da definición desta estratexia, presentouse o novo intergrupo do Parlamento Europeo sobre Zonas Mariñas e Costeiras.



Participantes na reunión do Arco Atlántico celebrada na FGE.

- Presentación do Campus do Mar. O Club Galego de Bruxelas DOA promoveu a presentación desta iniciativa que recentemente recibiu o recoñecemento de Campus de Excelencia a nivel europeo. O reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato, presentou o Campus do Mar como unha iniciativa mediante a que se busca desenvolver as ciencias e tecnoloxías do mar con proxección internacional en centros de investigación e plataformas tecnolóxicas de Galicia. O encontro tivo lugar o día 14 de decembro nas instalacións da FGE.

- Reunión do Comité Executivo do Grupo Compostela de Universidades (CGU). A Fundación Galicia Europa colabora con este grupo nos seus encontros en Bruxelas cedéndolle a sala de reunións da súa oficina. No ano 2010 tiveron lugar dúas reunións do seu Comité Executivo, o 27 de abril e o 7 de xuño. O Grupo Compostela de Universidades é unha asociación sen ánimo de lucro que nestes momentos aglutina a máis de 70 institucións de educación superior de todo o mundo, atopándose entre os seus membros as tres universidades galegas. As súas actividades, coordinadas desde a secretaría en Santiago de Compostela, están destinadas á promoción e desenvolvemento da cooperación internacional no ámbito da educación superior.

Ademais de ceder as súas instalacións en Bruxelas para realizar diversos actos relacionados con asuntos comunitarios, a FGE recibe a grupos que acoden á capital belga para formarse e familiarizarse coas institucións europeas e o seu labor. Así, a FGE acolleu a 18 xornalistas galegos que formaban parte dunha visita organizada pola Oficina do Parlamento Europeo en Madrid, e a un grupo de alumnos do Máster en Estudos da Unión Europea e da Universidade Senior da Coruña. Ambos colectivos asistiron, como parte desta visita, a unha charla sobre o papel de Galicia na UE.

DEBATES GALICIA EUROPA

En 2010 puxéronse en marcha os “Debates Galicia Europa”, co obxectivo de achegar a visión galega a Europa e impulsar a defensa dos intereses de Galicia na capital europea. Ao longo do ano organizáronse tres debates que tiveron como invitados aos seguintes persoeiros:

- Alfonso Rueda, conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Celebrado o 7 de abril, o primeiro destes debates tivo como temas principais a implantación da Directiva

Europea de Servizos en Galicia, coñecida como “Lei Ómnibus”, e a cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal.

- Jorge Mira, profesor de física e investigador da Universidade de Santiago de Compostela. A segunda xornada, celebrada o 14 de xullo, tivo como invitado a esta importante figura da divulgación científica en Galicia e España. Mira é promotor do Programa ConCiencia co que foi posible traer a Galicia a 19 persoas distinguidas co Premio Nobel ou o seu equivalente en Matemáticas e Ciencias da Computación.
- Beatriz Mato, conselleira de Traballo e Benestar. O 27 de outubro a FGE acolleu un terceiro debate a cargo da responsable de emprego do goberno galego. A conselleira abordou a situación do mercado laboral, o estado do diálogo social, así como os acordos fronte á crise alcanzados entre os sindicatos e a patronal en Galicia.



Comida-debate coa conselleira de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, Beatriz Mato.

03

Fomento da participación galega en proxectos europeos

Durante o ano 2010, a Fundación Galicia Europa prestou o seu apoio ao lanzamento, execución e difusión de resultados de diferentes proxectos de dimensión europea participados por entidades galegas. Tamén colaborou directa ou indirectamente nalgúns proxectos que contribúen a difundir as directrices europeas en Galicia.

3.1. Asesoramento da FGE a entidades galegas

POSIBILIDADES DE FINANCIAMENTO

Diferentes organizacións galegas dirixíronse á Fundación Galicia Europa para informarse sobre as posibilidades de financiamento existente a nivel comunitario e sobre o modo de participar nos diferentes programas europeos. A continuación menciónanse algunhas destas consultas especificando o apoio prestado.

- Confederación Empresarial de Ourense: asesoramento na procura de financiamento europeo para a mobilidade de obras e artistas en Europa.
- AECT Galicia-Norte de Portugal: asesoramento sobre as posibilidades de financiamento europeo para un proxecto de cooperación cultural galego-portugués.
- Secretaría Xeral para o Deporte: orientación sobre os programas de financiamento comunitario existentes nos que podería participar o plan integral de promoción da actividade física en Galicia.
- Academia Galega de Seguridade Pública: apoio e supervisión de proxectos europeos FEDER.

- Asociación Galega de Empresas TIC (AGESTIC): procura de financiamento comunitario para o proxecto “O Camiño dos Satélites” para o que se lles puxo en contacto coa Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea. Igualmente, durante o acto de presentación celebrado na oficina (véxase o punto 2.9) facilitouse a relación con posibles socios a nivel europeo.

PROCURA DE SOCIOS TRANSNACIONAIS

Así mesmo, prestouse asesoramento específico para a procura de socios transnacionais, dado que é un dos requisitos indispensables que se esixen á hora de participar en proxectos europeos. Na páxina web, publicáronse máis dun cento de avisos de entidades europeas que procuran socios para presentar proxectos a programas de financiamento comunitario.

ACTOS NA FGE

Durante 2010 a sala de reunións e conferencias da oficina de Bruxelas foi cedida para a celebración dos seguintes actos en relación cos proxectos europeos:

- 22 de marzo: a FGE acolleu a presentación do proxecto “Santiago-Une”, liderado pola Concellería de Relacións Institucionais do Concello de Santiago de Compostela, e que ten por obxectivo o establecemento dunha rede entre cidades irmandadas.



Presentación do proxecto "Santiago-Une" na Fundación Galicia Europa.

- 20 de abril: o Eixo Atlántico mantivo unha reunión na sala da FGE cos seus socios do proxecto da Axenda Local Dixital (DLA nas súas siglas en inglés), que ten unha duración de tres anos (2010-2012) e está financiado polo Programa INTERREG IV C. Este proxecto ten por obxectivo promover as políticas rexionais de desenvolvemento da Sociedade da Información (SI), sobre a base de factores socioeconómicos, culturais e institucionais. No proxecto tamén colaboran socios de Portugal, Italia, Letonia, Estonia, Grecia, Irlanda, Hungría e Alemaña.
- 24 de xuño: as instalacións da FGE tamén acolleron a entrega de premios do concurso de vídeo afeccionado "A ciencia na miña vida", convocado polos Museos Científicos Coruñeses. Este certame incluíuse no proxecto CASC (*Cities and Science Communication* - Cidades e Comunicación Científica), que ten por meta principal compartir experiencias e coñecementos para explorar novas formas de mellorar a implicación do público na ciencia.
- 1 de decembro: a Comisión Executiva da Rede de Cidades Europeas Transfronteirizas e Interrexionais (CECICN nas súas siglas en inglés) reuniuse nas instalacións da FGE. A CECICN representa a máis de 500 cidades da UE, entre elas Santiago de Compostela, sitas en zonas de fronteira e que se agrupan en seis redes: MOT de Francia, RIET de España-Portugal, CCAA do Espazo Atlántico,

FAIC do Adriático e cidades xónicas, Medcities da cunca mediterránea e UBC dos territorios do Báltico.

3.2. Participación da FGE en proxectos europeos

Ademais de fomentar a participación galega en proxectos europeos, a propia FGE participa en certos proxectos que contribúen a promover os valores europeos en Galicia, sobre todo entre os máis novos.

ECO-INNOVA

A Fundación Galicia Europa participa no proxecto Eco-innova, liderado pola Deputación de Ourense, en colaboración con diversas entidades nacionais e internacionais. O proxecto enmárcase dentro do Programa de Cooperación Transnacional da UE "Espazo Atlántico", que promove a cooperación en distintas áreas das rexións de Irlanda, Reino Unido, Francia, Portugal e España, durante o período 2007-2013, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Eco-innova é un proxecto europeo transnacional de cooperación, investimento e asistencia técnica para pemes situadas no Espazo Atlántico que ten como obxectivo crear unha estrutura transnacional para informar e promover a eco-innovación. Por eco-innovación enténdese todo aquel proceso, produto ou idea innovadora que mellore o impacto sobre o medio ambiente ou implique un mellor uso dos recursos naturais, tanto en materiais como procesos, servizos, tecnoloxía, etc. Participan nel seis institucións de catro rexións europeas: Galicia, Norte de Portugal, Aquitania (Francia) e Gales (Reino Unido).

O proxecto ten unha duración de 35 meses e o seu orzamento total ascende a 1.435.489,54 euros, cun 65% financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

O día 28 de xuño tivo lugar o lanzamento oficial de Eco-innova, cunha reunión de todos os socios en Arcos de Valdevez (Portugal) e a celebración dun seminario sobre eco-innovación dirixido ás empresas da zona.



Imaxe promocional do proxecto Eco-innova.

Aparte deste proxecto xa en marcha, durante 2010 a FGE formou parte das seguintes candidaturas a proxectos europeos pendentes de decisión:

- **Life + Xuventude:** tras ser presentada na convocatoria 2009, esta proposta de sensibilización sobre a biodiversidade nas áreas costeiras dirixida aos mozos foi reformulada para adscribirse á convocatoria de 2010. A FGE participa neste proxecto xunto cos departamentos de Medio Ambiente, Mar e Xuventude da Xunta de Galicia e o Instituto Portugués da Xuventude.
- **EMPRENDE:** proxecto de cooperación transfronteiriza presentado na segunda convocatoria do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) como continuación ao proxecto "Espazo Xuvenil". Liderado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia, conta coa participación doutras entidades galegas e portuguesas co obxectivo común de promover a creación de emprego por parte dos mozos da eurorrexión, apoiando as iniciativas xuvenís emprendedoras.

3.3. Oficina Europea de Información Xuvenil

A Fundación Galicia Europa acolle a Oficina Europea de Información Xuvenil grazas ao convenio que mantén coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (ver punto

1.4). Esta oficina xestiona diferentes proxectos europeos que teñen por beneficiarios principais aos mozos:

- **Eurocidade Chaves-Verín:** proxecto enmarcado no POCTEP e liderado polo Concello de Verín. O obxectivo do proxecto é sentar as bases dunha cooperación de segunda xeración que permita converter a Eurocidade Chaves-Verín nun instrumento de desenvolvemento rexional. Esta iniciativa permitiría pór en marcha accións que melloren a calidade de vida dos cidadáns a través de medidas como a creación dunha "xanela da Eurocidade", dunha plataforma de comunicación, dunha oferta de servizos comúns, dunha oficina da mocidade con local de ensaio para mozos e dunha unidade de desenvolvemento de paquetes turísticos comúns.
- **Imaxina Atlántica:** enmarcado no Programa Operativo Espazo Atlántico 2007-2013, está liderado polo socio francés COMAGA (*Communauté d'Agglomération du Grand Angoulême*). Os seus obxectivos céntranse no eido da creatividade xuvenil. As accións que impulsa son as seguintes: constituir un "polo atlántico de competencias e de recursos" da imaxe, crear produtos e circuitos turísticos/culturais con recursos mobilizados e as capacidades de expresión dos territorios, definir e pór en marcha un programa de intercambios de estudantes ou profesionais, e organizar seminarios técnicos internacionais.
- **Espazo Xuvenil:** proxecto enmarcado no POCTEP. Liderado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, en colaboración co Instituto Portugués da Xuventude (IPJ), ten por obxectivo promover a cooperación institucional en materia de políticas de mocidade. Co fin de que a poboación máis nova quede a vivir e a traballar na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, preténdese impulsar procesos formativos e intercambios de experiencias xuvenís que senten as bases para a creación de empresas e iniciativas emprendedoras, implicando a mozos de ambos lados da fronteira.

Información e publicacións sobre a UE



Portal web da Fundación Galicia Europa

4.1. Portal web

A Fundación Galicia Europa achega a actualidade europea no seu portal www.fundaciongaliciaeuropa.eu. A web ofrece información de diversa índole, como noticias da Unión Europea relacionadas con Galicia, períodos de prácticas nas institucións comunitarias ou procuras de socios para desenvolver proxectos a nivel europeo.

Na actualidade mantén o deseño resultante dunha renovación levada a cabo en 2009, que lle conferiu maior accesibilidade aos seus contidos e facilitou a navegación. A web conta cunha páxina principal na que se dá conta da actualidade europea e das actividades da FGE, e catro

epígrafes principais que responden a Fundación, Actividades e Bolsas, Unión Europea e Proxectos Europeos.

Estatísticas da web

Durante 2010 a web rexistrou diversas flutuacións: alcanzando os maiores índices nas datas de convocatorias de bolsas ou da celebración de grandes eventos e decaendo notablemente nos meses do verán para volver experimentar unha subida nos últimos dous meses do ano.

O portal web da FGE rexistrou unha media mensual de 26.207 páxinas vistas, cun promedio de 3.207 visitas ao mes, sendo un 42% de primeiro acceso. Contabilizouse unha cantidade

diaria de 106 navegantes de ata 49 países diferentes, sobre todo europeos (especialmente España e Bélxica) e americanos (destacando Arxentina e EEUU). O tempo medio de permanencia no sitio foi de 4 minutos, durante os que cada usuario abriu aproximadamente 4 páxinas.

O 44% das visitas producíronse por acceso directo á páxina, mentres que o 33% entrou no portal a través de motores de busca e o 23% mediante o enlace de sitios de referencia.

4.2. Boletín electrónico

En 2010 o número de subscritores do boletín electrónico superou os 1.400, continuando co crecemento gradual experimentado nos seus catro anos de vida.

O boletín recolle as noticias da Fundación Galicia Europa e da UE, as convocatorias, os anuncios e as procuras de socios que, con periodicidade quincenal, foron publicados na web.

Entre as noticias relativas á Unión Europea, destacan aquelas referidas ás Estratexia Europa 2020, o futuro da Política de Cohesión e o ditame sobre as Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT) liderado por Galicia no seo do Comité das Rexións. No tocante á nosa comunidade, os actos de celebración do Día de Europa e as xornadas formativas sobre a Directiva de Servizos organizadas pola FGE foron os temas máis salientables.

No apartado de financiamento comunitario, cómpre destacar o aumento de procuras de socios publicadas na web, xa que chegaron ata 120 os anuncios de entidades europeas que procuran socios para proxectos europeos.

4.3. Publicacións

“TRATADO DE LISBOA”

A Fundación Galicia Europa publicou o “Tratado de Lisboa” en galego e comentado por especialistas do eido académico. O volume presentouse en Santiago de Compostela o día 7 de maio no transcurso da conferencia do eurodeputado galego Francisco Millán Mon “Situación actual e perspectivas de futuro da UE coa entrada en vigor do Tratado de Lisboa”. A charla, que tivo lugar no Hotel Arguaney, formou parte dos actos de celebración da Semana de Europa organizados pola FGE.

O Tratado foi repartido entre os asistentes e distribuído aos profesores de Dereito das universidades galegas, aos distintos departamentos das administracións públicas, aos membros do padroado e do grupo de traballo da FGE, e aos particulares que por motivos académicos ou laborais o solicitaron.



Exemplar da edición comentada e en galego do
Tratado de Lisboa.

“GUÍA DE PRÁCTICAS E SAÍDAS LABORAIS NA UNIÓN EUROPEA E ORGANIZACIÓNS INTERNACIONAIS”

A Fundación Galicia Europa reeditou en 2010 unha nova versión actualizada da “Guía de prácticas e saídas laborais na Unión Europea e Organizacións Internacionais” que publicara por primeira vez dous anos atrás. Esta supón un completo manual para coñecer, de forma fácil e clara, as oportunidades de formación e inserción laboral que a UE ofrece á mocidade.

A guía inclúe as diferentes liñas de bolsas convocadas pola Fundación Galicia Europa e os distintos tipos de estadias que ofertan múltiples organizacións comunitarias e internacionais, cos seus requisitos, prazos de solicitude e condicións.



Portada do manual de prácticas e oportunidades profesionais.

REVISTA “EUROPE@S”

A finais de 2010, a FGE lanzou unha revista de actualidade galega e comunitaria chamada “europe@s”. Destinada a un público profesional con interese en asuntos europeos, esta publicación aborda diversos temas de actualidade comunitaria con incidencia en Galicia e dá a coñecer distintos proxectos europeos desenvolvidos na nosa comunidade. O primeiro número centrouse en cuestións de utilidade para as pemes galegas, incluíndose un artigo sobre a Directiva de Servizos e a súa aplicación en Galicia, unha reportaxe sobre dous proxectos financiados polo 7º Programa Marco de I+D no que participan entidades galegas e unha entrevista coa responsable de eco-innovación na Comisión Europea. A firma invitada correu a cargo do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, quen repasa os retos e compromisos de Galicia na Unión para a próxima década, presentando a axenda galega dentro da Estratexia Europa 2020.



Portada do primeiro número da revista “europe@s”.

05

Formación e sensibilización

5.1. Bolsas

A formación da xuventude nos asuntos europeos é un dos alicerces da actividade da Fundación Galicia Europa. Cada ano convócanse unha serie de bolsas para que os mozos galegos poidan incrementar os seus coñecementos sobre a UE e mesmo facer prácticas nas súas institucións.

Estas bolsas diríxense maioritariamente a licenciados que queiran especializarse nas políticas comunitarias, sexan da índole que sexan, xa que a UE demanda profesionais de todas as áreas. Ademais, a FGE ofrece a posibilidade de realizar unha estadía en Bruxelas ao persoal vinculado ás entidades colaboradoras e membros do seu padroado.

Desde a súa creación, en 1988, arredor de 400 persoas se beneficiaron dalgunha das distintas modalidades de bolsa convocadas pola Fundación Galicia Europa.

En 2010 ofertáronse 29 prazas repartidas nas seguintes liñas:

- Tres bolsas para efectuar estudos de especialización sobre a UE en centros universitarios europeos.
- 10 bolsas de formación en prácticas sobre asuntos europeos repartidas entre as oficinas de Bruxelas e Santiago.
- Unha bolsa de formación en temas de comunicación con destino na oficina de Bruxelas.

- 18 mensualidades para licenciados universitarios que realizaran prácticas non remuneradas nalgunha institución europea e que se repartiron entre seis beneficiarios.
- Nove estadías na oficina de Bruxelas para o persoal das entidades membros e asociadas ao padroado da FGE.

RELACIÓN DE BENEFICIARIOS EN 2010

PRÁCTICAS NAS OFICINAS DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Do 20 de xaneiro ao 20 de decembro de 2010

Oficina de Santiago de Compostela

Enrique Álvarez Rajoy
Daniel Voces de Onaíndi González
Sandra Sanmartín Díaz (ata o 15 de xullo)
Alba Montoiro González (a partir do 20 de xullo)
Patricia Pedrido Davila (ata o 14 de outubro)
Cristina Ozón Pereira (a partir do 25 de outubro)
Víctor Millán Penas (a partir do 25 de outubro)

Oficina de Bruxelas

Ana María Sánchez Cambón
Julio Gabriel Mercado Batista
Juan Elías Vergara Míguez
Agnieszka Lisik (ata o 17 de setembro)
Flavia Campos Lages (a partir do 20 de setembro)

Andrea Arrojo Fernández (a partir do 20 de outubro)
María Sabarís Sardón (ata o 24 de outubro)
Paula Leticia Martínez Regal (a partir do 3 de novembro)



Oficina de Santiago de Compostela.

ESTUDOS DE ESPECIALIZACIÓN SOBRE A UE

Colexio de Europa
Andrea García Vidal

Universidade Libre de Bruxelas
Agnieszka Lisik

Universidade Católica de Lovaina
Alesia Dacal Rodríguez

AXUDAS ECONÓMICAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN INSTITUCIÓN COMUNITARIAS

Parlamento Europeo en Bruxelas
Antonio Rodríguez-Gimeno Riera
Sonia Campelo Gerpe
Francisco Seoane Pérez

Comisión Europea en Bruxelas
Martin Krcmar

Comisión Europea en Gambia
Adriana Detrell Mandado

Eurojust na Haia
Rebeca Varela Figueroa

BOLSAS DIRIXIDAS AO PERSOAL DAS ENTIDADES MEMBROS DO PADROADO DA FGE

Patricia Díaz Padín
Cámara de Comercio de Vigo

María Jesús Hervada Vidal
Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.
Xunta de Galicia

Rosa María Fernández García
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia

José Geada Fernández
Caixanova

María del Carmen Fernández Ocampo
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia

Laura González Dopeso
Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia

Demetrio Hermida Castro
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia

Rosario Ferreiro Varela
Presidencia. Xunta de Galicia

Marina García Pita
Consellería de Cultura e Turismo. Xunta de Galicia

5.2. Eventos da UE en Galicia

CAMPAÑA "SABE O QUE A EUROPA SOCIAL PODE FACER POR VOSTEDE?"

A Comisión Europea escolleu Santiago de Compostela como un dos destinos da súa campaña "Sabe o que a Europa Social pode facer por vostede?", iniciativa coa que se amosou aos cidadáns a multitude de accións que a UE emprende no ámbito social.

Entre os días 30 de xuño e 1 de xullo, a Alameda compostelá acolleu unha carpa baixo a que se organizaron coloquios e mesas redondas -abertas ao público- que xiraron arredor da inclusión social, a igualdade de oportunidades, o fomento do emprego e do espírito emprendedor e a cooperación transfronteiriza.

A Fundación Galicia Europa participou activamente neste evento, xunto coa Dirección Xeral de Exteriores e coa UE, a Consellería de Traballo e Benestar, o IGAPE, o Xacobeo 2010 e outros organismos como EURES, Europe Direct ou Enterprise Europe Network, que deron a coñecer o seu labor de dinamización das redes comunitarias.

Estas xornadas foron amenizadas con actividades lúdicas, como espectáculos de maxia e actuacións musicais e teatrais, que entreteron aos visitantes de todas as idades.



Visitantes accedendo á carpa da Europa Social na Alameda compostelá.

5.3. Cursos, seminarios e xornadas en Galicia

CAFÉ-DEBATE SOBRE A INTERNACIONALIZACIÓN DA EMPRESA GALEGA

O presidente e fundador de Blu:sens, José Ramón García, foi o primeiro convidado do ciclo de cafés-debates coa prensa. Baixo o título "Emprender e innovar: a superación das fronteiras dos mercados. A traxectoria de Blu:sens", José Ramón García fixo un repaso pola evolución da súa empresa, unha multinacional galega especializada na electrónica de consumo e con presenza en máis de 50 países.

Na súa intervención relatou os seus inicios, as vantaxes e dificultades dos procesos de internacionalización e, ante as preguntas dos xornalistas, esbozou os proxectos de Blu:sens para o futuro inmediato.

Ao acto acudiron representantes de cinco medios de comunicación: dos xornais La Voz de Galicia, El Correo Gallego e El Economista, así como das axencias AGN e Europa Press, que recolleron nas súas páxinas a celebración deste café-debate.



Jesús Gamallo presidiu o café-debate sobre a internacionalización da empresa galega.



Jesús Gamallo e Manuel Blanco nunha das xornadas sobre a Directiva de Servizos.

XORNADA DIVULGATIVA SOBRE A DIRECTIVA DE SERVICIOS

A FGE organizou un ciclo de charlas baixo o epígrafe “A aplicación práctica das disposicións da Directiva de Servizos” a cargo do avogado e economista Manuel Blanco. Nestas conferencias informouse aos empresarios galegos sobre os efectos da transposición desta nova normativa europea.

As xornadas celebráronse en colaboración coas cámaras de comercio de Santiago, A Coruña, Ourense e Pontevedra, ás que asistiron arredor dun centro de emprendedores. Entre elas cabe destacar a realización dunha segunda xornada na Coruña, por ser a máis extensa e contar con outros dous relatores: o decano do Colexio de Economistas de Galicia, Roberto Pereira Costa, e o responsable da transposición da directiva en Portugal, Ângelo Seíça Neves.



Cartel das xornadas sobre a Directiva de Servizos.

XORNADA SOBRE FINANCIAMENTO EUROPEO PARA PEMES

Outra das liñas formativas da FGE foi a dedicada ás “Ferramentas de axuda e financiamento para pemes a nivel comunitario”. Nestas charlas a FGE asesorou aos emprendedores galegos sobre as posibilidades que a UE ofrece aos seus negocios, tanto para apoiar as súas actividades como para fomentar a súa imbricación no tecido produtivo europeo.

As xornadas realizáronse en colaboración coas cámaras de comercio de Pontevedra, Ferrol e Lugo. Nas dúas primeiras a conferencia foi pronunciada por María Carracedo Taboada, experta en negocios e investimentos dunha importante consultora estatal; mentres que na última o relator foi José Manuel Iglesias, xestor de proxectos europeos.



Conferencia sobre financiamento europeo celebrada en Lugo.

En relación co ámbito do emprego, a FGE tamén participou no congreso “Responsabilidade Social Empresarial: xerador de emprego e competitividade” celebrado en Santiago de Compostela o 16 de novembro de 2010. A FGE colaborou coa Consellería de Traballo e Benestar para a organización deste

congreso, facendo as xestións necesarias para conseguir que un relator de corte europeo participase nel. Finalmente, foi a directora da organización CSR Europe quen interveu no mesmo achegando o labor que está a desenvolver para a promoción da responsabilidade social empresarial no eido comunitario.

5.4. Liña de axudas a entidades para a realización de actividades relacionadas coa integración europea

En 2010 a FGE recuperou a liña de axudas a entidades galegas que realizan actividades relacionadas coa integración europea por constituíren un valioso instrumento para dar a coñecer a UE entre a sociedade galega. Estas axudas destínanse á organización de cursos, seminarios, congresos, xornadas, publicacións, proxectos e iniciativas de índole semellante.

En total concedéronse 25.000 euros para a realización de 15 proxectos:

1. III Congreso da Confederación Española de Cascos Históricos da Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais “Compostela Monumental”: 2.500 euros.
2. Congreso sobre a proposta de directiva europea de Dereitos dos Consumidores, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela: 2.000 euros.
3. Xornada sobre a Cooperación Transfronteiriza como proceso de integración europea, da Asociación Alfándega Aberta: 1.200 euros.
4. Xornada sobre as saídas profesionais na Unión Europea, do Colexio de Licenciados en Ciencias Políticas e Socioloxía de Galicia: 1.500 euros.
5. Xornadas “Referentes europeos na produción e comercialización dos produtos lácteos como motor do desenvolvemento local”, da Asociación Escola Familiar Agraria Fonteboa: 1.800 euros.

6. Campamento urbano “Vacacións europeas”, do Centro de Desenvolvemento Rural “Portas Abertas”: 1.000 euros.
7. Divulgación sobre o beneficio da UE para Galicia, promovida pola Asociación Euforo Empresarial: 1.000 euros.
8. Proxecto de recreación do funcionamento da UE “Atopamos Europa”, promovido pola Fundación Amigos de la Barrera: 2.750 euros.
9. Encontro europeo para a creación e a produción cultural “Roteiro de Creación 2010”, do Laboratorio de Colaboración Artística (L.C.A.): 2.500 euros.
10. Ciclo de charlas en institutos de secundaria “A mocidade galega en Europa”, da Asociación CIMO: 2.500 euros.
11. Publicación da guía “Teus dereitos como traballador europeo”, de UXT: 2.000 euros.
12. Campaña de concienciación solidaria “As voces do cambio”, da ONGD Viraventos: 2.000 euros.
13. Charlas para mozos do rural “Todos somos Europa”, de Adterra (Asociación para o desenvolvemento dos territorios polos actores locais): 750 euros.
14. Sesións formativas “Fondos estruturais, o papel das ONG”, de European Anti-Poverty Network Galicia (EAPN): 750 euros.
15. Xornada formativa sobre o Selo de Patrimonio Europeo, de INGADES: 750 euros.

5.5. Celebración da Semana de Europa

Con motivo da celebración do Día de Europa o 9 de maio, a FGE organizou unha serie de actos conmemorativos co fin de achegar o labor das institucións comunitarias aos cidadáns, fomentar a conciencia europea na nosa sociedade e promocionar Galicia e o Xacobeo 2010 nos Estados membros da UE.

Estes actos quixeron involucrar a todos os segmentos de idade, desde nenos de primaria ata estudantes e maiores. Ademais, os participantes non desempeñaron un papel pasivo, senón que interviñeron no transcurso dos eventos, converténdose nos seus protagonistas.

A Semana de Europa incluíu as seguintes actividades:

- 4 de maio: convocatoria do concurso fotográfico “Loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia”.
- 5 de maio: montaxe dun quebra cabezas xigante da Unión Europea por parte de escolares de primaria da área de Santiago de Compostela.
- 6 de maio: lectura pública da Carta de Dereitos Fundamentais da UE por parte de estudantes españois e estranxeiros.
- 7 de maio: conferencia do eurodeputado Francisco Millán Mon e presentación da edición comentada e en galego do Tratado de Lisboa, publicada pola Fundación Galicia Europa.
- 8 de maio: exhibición de dous stands promocionais do Xacobeo 2010 con motivo do Día de Portas Abertas das institucións europeas celebrado en Bruxelas.
- 9 de maio: Declaración Institucional da Xunta de Galicia con motivo do Día de Europa.



Programa de actividades da Semana de Europa 2010.

CONCURSO FOTOGRÁFICO “LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL”

A Fundación Galicia Europa convocou o certame fotográfico “Loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia”, temática referente á celebración do Ano Europeo de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, e iniciativa coa que a UE quixo chamar a atención sobre as condicións de vida das persoas máis desfavorecidas.

O certame, dirixido a mozos de entre os 18 e 30 anos e nacidos ou residentes en Galicia, buscaba que a xuventude plasmase en imaxes a súa visión sobre un dos principais problemas dentro das nosas sociedades: a pobreza e as súas múltiples facianas.

O xurado, presidido polo fotógrafo Pepe Ferrín, escolleu tres fotografías gañadoras e distinguiu outras tres instantáneas cunha mención de honra baseándose na calidade técnica, habilidade e orixinalidade das propostas.

As imaxes galardoadas foron:

Primeiro premio: "Só" de Iago Castillo Baquero.



Segundo premio: "Cando o meu amigo reza" de Joan Morera Arbones.



Terceiro premio: "Rico sabor amargo" de Rosa María Cordero Aristegui.



As mencións de honra foron:

"Mañá podes ser ti", de Yolanda Gómez Mirón.



"Complejo residencial", de Patricia Pedrido Davila.



"Loita pola integración", de Óscar Vázquez Arrojo.



A contía dos premios ascendeu a 3.500 euros repartidos nun primeiro premio de 2.000 euros; un segundo galardón de 1.000 euros; e un terceiro posto dotado de 500 euros. Ademais, outras trece instantáneas foron seleccionadas para ser expostas coas gañadoras e as mencións especiais na sala do Hotel AC Palacio del Carmen, onde se celebrou a entrega de premios.

As 19 obras conformaron unha exposición que foi inaugurada o 15 de decembro na Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela onde permaneceu ata o 30 do mesmo mes.

MONTAXE DUN QUEBRACABEZAS XIGANTE DA UE

Preto de 60 nenos de 14 centros composteláns armaron un crebacabezas xigante do mapa da UE. Os estudantes, que se dividiron por grupos, foron os responsables de colocar as pezas coa forma dos 27 Estados membros no seu lugar correspondente, de maneira que configurasen a xeografía comunitaria.

O quebracabezas montouse na praza do Toural, no casco vello de Santiago, que quedou practicamente cuberta, xa que o conxunto ocupou case 81 metros cadrados.



Montaxe do crebacabezas xigante da UE.

LECTURA PÚBLICA DA CARTA DE DEREITOS FUNDAMENTAIS

O acto celebrouse na Alameda compostelá, onde se reuniron unha trintena de estudantes, tanto españois como estranxeiros, para ler a Carta de Dereitos Fundamentais da UE. Cómpre destacar entre os asistentes a presenza de alumnos do programa de intercambio Erasmus, da Facultade de Ciencias Políticas e da Administración da Universidade de Santiago de Compostela, e de ELSA (European Law Students Association) da Coruña. Entre todos leron os 54 artigos dunha declaración que en 2010 cumpriu unha década de vida.



Presentación do acto de lectura pública da Carta de Dereitos Fundamentais da UE.

CONFERENCIA SOBRE A ENTRADA EN VIGOR DO TRATADO DE LISBOA

O membro do Parlamento Europeo Francisco Millán Mon ofreceu a conferencia "Situación actual e perspectivas de futuro da UE coa entrada en vigor do Tratado de Lisboa". O seu discurso centrouse nos novos aspectos xurídicos e de funcionamento comunitario entre os que destacan a creación da figura do Presidente do Consello da UE e do Alto Representante da UE para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, así como un maior peso do Parlamento Europeo na toma de decisións.

No acto, presidido polo conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, e polo profesor de Dereito Constitucional, Antonio Carlos Pereira Menaut, presentouse o Tratado de Lisboa en galego, unha edición comentada por diversos especialistas do ámbito académico e publicada pola FGE.



Conferencia de Francisco Millán Mon sobre os cambios introducidos polo Tratado de Lisboa na UE.

06

Europa en Galicia. Quen é quen?

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Rúa dos Feáns, 3C baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel. 981 541 012; Fax 981 541 013
<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>
Correo: santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UE

Rúa dos Feáns, 5 baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel. 981 541 002; Fax 981 541 003
Correo: sunioneu@xunta.es

OFICINA DE INFORMACIÓN PARA MOZOS DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Divulga información europea, orienta e asesora á mocidade para promover a súa participación en programas europeos.
Rúa dos Feáns, 3C baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel. 981 541 010; Fax 981 541 013
Correo: informacion.europea.jovenes@xunta.es

CENTROS DE DOCUMENTACIÓN EUROPEA

Permiten o acceso ao público en xeral, especialmente da comunidade universitaria, a información sobre a Unión Europea e as súas diferentes políticas. Promoven e consolidan o estudo sobre a integración europea.

Universidade de Santiago de Compostela.
Facultade de Dereito

Campus Universitario Sur
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 563 100 Ext. 14782 // 14784; Fax 981 547 025
Correo: cede@usc.es // cede.direccion@usc.es

Universidade da Coruña.
Facultade de Dereito

Campus de Elviña, s/n
15071 A Coruña
Tel. (+34) 981 167 000 (ext. 1628); Fax (+34) 981 290 310
Correo: cde@udc.es

EUROPE DIRECT

Ofrece información, asesoramento e respostas a preguntas que os cidadáns poidan ter sobre lexislación, políticas, programas e posibilidades de financiamento da Unión Europea.

Europe Direct A Coruña
Deputación Provincial da Coruña

Alfárez Provisional, 2
15006 A Coruña
Tel. 981 183 331; Fax 981 183 354
<http://www.dicoruna.es/ipe>

Europe Direct Lugo

Avda. da Coruña, 490 (antigo cuartel Garabolas)
27001 Lugo
Tel. 982 297 479; Fax 982 297 364
Correo: EuropeDirect-Lugo@concellodelugo.org
<http://www.lugo.es/europedirect>

ENTERPRISE EUROPE NETWORK

Rede promovida pola Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea que ofrece información e asesoramento a empresas sobre as oportunidades que a UE lles ofrece. Está presente nas Comunidades Autónomas do noroeste de España (Asturias, Cantabria, Castela e León e Galicia) a través do consorcio de entidades Galactea-Plus (<http://www.galacteaplus.es>). En Galicia, estas son as entidades que forman parte do consorcio:

CIS GALICIA (CENTRO DE INNOVACIÓN E SERVIZOS DO DESEÑO E A TECNOLOXÍA)

Apoia a transferencia de tecnoloxía entre empresas e a súa participación en programas de financiamento comunitario, especialmente os relacionados coa I+D+i.

Estrada da Cabana, s/n
15590 Ferrol
Tel. 981 337 146; Fax 981 337 171
<http://www.cisgalicia.org>
Correo: info@cisgalicia.org

IGAPE (INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA)

Informa e asiste ás empresas galegas en temas comunitarios, promove a cooperación empresarial e apoia a súa participación en programas europeos.

Complexo administrativo San Lázaro, s/n
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 541 033; Fax 981 541 190
<http://www.igape.es>

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA (CEG)

Presta información e asistencia sobre temas europeos ás empresas galegas, fomenta a cooperación entre elas, transmite á Comisión Europea as súas opinións e apoia a súa participación en programas europeos.

Rúa do Vilar, 54
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 555 888; Fax 981 555 882
<http://www.ceg.es>

RED EURODESK

Rede de centros de información relevante para xente nova sobre temas da UE.

EURODESK A CORUÑA

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Praza do Matadoiro, s/n

15703 Santiago de Compostela

Tel. 981 583 900; Fax 981 583 942

Correo: ccinformacionxjuvenil.eurodesk@xunta.es

EURODESK LUGO

Concello de Lugo

Rúa Poeta Curros Enríquez, 7 – 4º B

27004 Lugo

Tel: 676 399 324

Correo: paula.gamazo@concellodelugo.org

EURODESK VIGO

Asociación Xuvenil Abertal

Rúa Venezuela, 3

36203 Vigo

Tel: 986 225 662

Correo: paula.martinez@abertal.es

